



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia)

Víctor Abelleira Argibay
(Representante do colexio de avogados da provincia)

Lorena Peiteado Pérez
(Letrada da Xunta de Galicia)

**VOGAIS REPRESENTANTES DA
CMVMC DE SANTIAGO DE
OLIVEIRA**

Roberto López Pérez
Francisco Carballo Rivas

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria
adscrita ao Servizo Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:00 horas do día 14/12/2016 coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación dos montes denominados “**Gramil, Coto e outros**”, na parroquia de Santiago de Oliveira, solicitados a favor dos veciños da **CMVMC de Santiago de Oliveira** (Pontearcas)

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro. Con data do 22/05/2012, Roberto López Pérez en nome da Comunidade de Montes veciñal en man común (en diante CMVMC) de Santiago de Oliveira, Concello de Pontearcas, solicita a clasificación como montes veciñais en man común (en diante MVMC) os montes “Coto do Gato”, “Gramil” e outros a favor dos veciños da Parroquia de Santiago de Oliveira. Coa solicitude xunta:

Levantamento topográfico dos montes “Coto do Gato” e “Gramil” e outros, executado polo enxeñeiro técnico agrícola Benito Martínez Rocha.

Solicitude de Roberto López Pérez no que expón que en 1979 se clasifican 35 ha como MVMC na parroquia de Santiago de Oliveira, das cales 6 ha de propiedade privada se incluíron por erro como comunais. Que consideran que unha serie de parcelas non foron clasificadas como comunais da parroquia e veñen usando de elas dende tempo inmemorial. Solicita a clasificación de parcelas non incluídas no seu día segundo a documentación que se xunta:

Certificación do 17/06/1989 da secretaria do xurado das parcelas clasificadas na reunión do Xurado de MVMC de Pontevedra na reunión do 05/12/1979.

Escrito do 26/04/2011 de descrición de parcelas catastrais da que solicita a clasificación.

Copia da acta núm.40 da Asemblea Xeral da CMVMC de Santiago de oliveira na que consta no punto 1º da orde do día: *“aprobación por parte dos comuneiros para facer a reclamación da clasificación dos montes da comunidade que non ten clasificados e remitilos ao Xurado Provincial de MVVMC”*.

Segundo. Con data do 05/12/1979, o Xurado de MVVMC de Pontevedra clasifica as seguintes parcelas a favor dos veciños da parroquia de Santiago de Oliveira:

Núm.1. Coto do Gato e Gramil cunha cabida de 32 ha

Núm.2. Bibidouro cunha cabida de 1 ha

Núm.3. Cotres o Capilla cunha cabida de 2 ha

Da revisión da levantamento topográfico que achega Roberto L.ópez Pérez dedúcese que as parcelas solicitadas para a clasificación se centran exclusivamente na contorna da parcela núm.1. Coto do Gato e Gramil.

Terceiro. Con data do 06/06/2012. O xefe da Sección de Topografía informa que se solicita a clasificación de 60 ha., nun total de 21 parcelas. Que as parcelas A,P,Q,R,S e T se superpoñen sobre terreos xa clasificados a favor da CMVMC de Santiago de Oliveira. Que existe unha superposición total ou parcial sobre 43 parcelas catastrais distintas.

Cuarto. Con data do 18/02/2014, o Xurado de montes acorda non incoar expediente de clasificación das parcelas A,P,Q,R,S e T. Asemade, acorda incoar a clasificación das parcelas B, C, D, E, F, G, H, I, J, K, L, M, N, Ñ, O e nomear instrutor a Enrique Martínez Chamorro. Descrición das parcelas obxecto de clasificación:

Concello: Pontearreas

Parroquia: Santiago de Oliveira

Nome do monte: GRAMIL ou parcela B

Segundo información que consta no expediente os seus lindes son:

Cabida: 12.233 m² aprox. (superficie alegada na solicitude)

Lindes: Polígono 84/ parcela nº 269

Norte: (noreste) con camiño público asfaltado, (noroeste) con CMVMC de Celeiros(parcela ¿?)

Sur: Con camiño- Pista forestal, que separa a parcela “A” de CC.MM. Stgo. Oliveira (parcela 414)

Leste: Con camiño- pista forestal, que separa da parcela “A” de CC.MM Stgo. de Oliveira (parcela 15/polígono 83)

Oeste: Coa parcela de Severo González González (parcela 268) a de Otilia pino Mouriño (parcela 267) e a de Emilia Vidal Sotelo (parcela 266)

Nome de monte: FRAGA DO REI ou parcela C

Cabida: 5.538 m² aprox. (superficie alegada na solicitude)

Lindes: Polígono 85/ parcela nº 95



Norte: Coa parcela “D” (Colexio Público) CC.MM de Santiago de Oliveira (parcela 94) e a parcela “E ”
CC.MM de Santiago de Oliveira (parcela 93 parte)

Sur: Coa CC.MM de Celeiros (parcela ¿?)

Leste: Coa parcela “D” (Colexio Público) CC.MM de Santiago de Oliveira (Parcela 94)

Oeste: Con camiño público asfaltado

Nome do monte: FRAGA DO REI – C.E.I.P Santiago de Oliveira ou parcela D.

Cabida: 15.515 m² aprox. (superficie alegada na solicitude)

Lindes: Polígono 85/ parcela n° 94

Norte: Con muro que a pecha e separa da parcela “ E” CC.MM de Santiago de Oliveira (parcela 93 parte)

Sur: Con muro que a pecha e separa da parcela “C” CC.MM de Santiago de Oliveira (parcela 95)

Leste: Con muro que a pecha e separa da parcela “E” CC.MM de Santiago de Oliveira parcela 93 parte)

Oeste: Con muro que a pecha e separa da parcela “C” CC.MM de Santiago de Oliveira (parcela 95) e con camiño público asfaltado por onde se sirve e posúe a entrada.

Nome do monte: “FRAGA DO REI ou parcela E

Cabida: 9.507 m² aprox. (superficie alegada na solicitude)

Lindes: Polígono 85/ parcela n° 93 parte.

Norte: Con pista forestal que separa a parcela “F” CC.MM de Santiago de Oliveira (parcela 93 parte)

Sur: Con muro que pecha e separa da parcela “D” (colexio Público) CC.MM de Santiago de Oliveira (parcela 94), a parcela “C” CC.MM de Santiago de Oliveira (parcela 95) e camiño público asfaltado

Leste: Con camiño – pista forestal que separa da parcela “S” CC.MM de Santiago de Oliveira (parcela 26)

Oeste: Con muro que pecha e separa da parcela “D” (colexio público) CC.MM de Santiago de Oliveira (Parcela 94) e pista forestal que separa da parcela “F”

Nome do monte: “FRAGA DO REI ou parcela F

Cabida: 3.852 m² aprox. (superficie alegada na solicitude)

Lindes: Polígono 85/ parcela n° 93 parte

Norte: Coa Diócesis de Tui- Vigo (parcela 34) , a de Herdeiros de Jesús Martínez (parcela 35), José Martínez Vidal (parcela 36), José González Pino (parcela 37), Josefa González González (parcela 38) e a de Antonio González Rial (parcela 39)

Sur: Con pista forestal que separa da parcela "E" CC.MM da Santiago de Oliveira (parcela 93 parte)

Leste: Con pista forestal que separa da parcela "G" CC.MM da Santiago de Oliveira (parcela 93 parte)

Oeste: En punta con camiño público asfaltado.

Nome do monte FRAGA DO REI ou parcela G

Cabida: 42.022 m² aprox. (superficie alegada na solicitude)

Lindes: Polígono 85/ parcela n° 93 parte

Norte: Con soma- pedras que pechan a de Herdeiros de Consuelo Candeira (parcela ?), e con camiño- pista forestal que separa da parcela "M"

Sur: Con pista forestal que separa da parcela "E" CC.MM da Santiago de Oliveira (parcela 93 parte)

Leste: Con pista forestal que separa da parcela "Q" CC.MM da Santiago de Oliveira (parcela 290 parte- polígono 82) e pista forestal que separa da parcela "S" de CC.MM de Santiago de Oliveira (parcela 26 polígono 83)

Oeste: Con camiño – pista forestal que separa das parcela "H", "I", "J" de CC.MM de Santiago de Oliveira (parcela 5001, 135...) e pista forestal que separa da parcela "I" de CC.MM de Santiago de Oliveira (parcela 93 parte) e de montes particulares 8 parcela 39, 347, 40, 41....)

Nome do monte: XAN MOURIÑO ou parcela H

Cabida: 3.700 m² aprox. (superficie alegada na solicitude)

Lindes: Polígono 85/ parcela n° 5001

Norte: Coa de Antonio González Penavella (parcela 133) e a n° 132 que se descoñece.

Sur: En punta pista e Pilar Domínguez Fornos (parcela n° 40)

Leste: Con camiño – pista forestal que separa de a parcela "G" de CC.MM de Santiago de Oliveira (parcela 93 parte)

Oeste: Con muretes e somas que pechan as de Leovegilda Leandrez Cerdeira (parcela 41), a de Ramiro González Ocampo (parcela 42), a de Consuelo González Rodríguez (parcela 44), a de Salvador Sotelo Pino (parcela 43) , a de Domingo López Varela (parcela 45) , a de Josefina Martínez Carrera (parcela 46), a de Ramón Iglesias Rodríguez (parcela 131) , a de Manuel Rodríguez Sotelo (parcela 130), a de Lucia Moreira (parcela 129), a de ... (parcela 132), a de José González Pino (parcela 128) , a de Antonio Gesteira Rodríguez (parcela 125), a de Rudesinda Domínguez Vidal (parcela 126)



Nome do monte: XAN MOURIÑO ou parcela I

Cabida: 1.017 m² aprox. (superficie alegada na solicitude)

Lindes: Polígono 85/ parcela n° 135

Norte: Con murete que pecha e separa a de José González Pino (parcela 137)

Sur: con murete que pecha e separa a de Ramón Iglesias Rodríguez (parcela 134)

Leste: Con camiño- pista forestal que separa da parcela "G" de CC. MM de Santiago de Oliveira (parcela 93 parte)

Oeste: Con murete que pecha e separa a de Pilar Domínguez Fornos (parcela 136) a de Rudesinda Domínguez Vidal (parcela 152) en medio camiño.

Nome do monte: XAN MOURIÑO ou parcela J

Cabida: 663 m² aprox. (superficie alegada na solicitude)

Lindes: Polígono 85/ parcela n° ¿?

Norte: Con murete que pecha e separa a de Rudesinda Domínguez Vidal (parcela 338)

Sur: En punta pista e José González Pino (parcela 137)

Leste: Con camiño- pista forestal que separa da parcela "G" (parcela 93 parte, polígono 85) e a que separa da parcela "M" (parcela 420 parte, polígono 88) ambas da CC.MM de Santiago de Oliveira.

Oeste: Con murete que pecha e separa a de José González Pino (parcela 137) , a de Pilar Domínguez Fornos (parcela 138) , a de José González Pino (parcela 139) a de Rudesinda Domínguez Vidal (parcela 140)

Nome do monte: CAMARGO ou parcela K

Cabida: 4.404 m² aprox. (superficie alegada na solicitude)

Lindes: Polígono 85/ parcela 340

Norte: Con camiño público asfaltado

Sur: con muro que contén, peche e separa a de Genaro González Fernández (parcela 167) e camiño público .

Leste: Con camiño- pista forestal que separa da parcela "M" de CC.MM de Santiago de Oliveira (parcela 420- polígono 88)

Oeste: Con muro que pecha e separa a de Genaro González Fernández (parcela 167) e a de José González Pino (parcela 166)

Nome do monte: *SOUTIÑO- CAMARGO (DEP) ou parcela L*

Cabida: 7.314 m² aprox. (superficie alegada na solicitude)

Lindes: Polígono 88/ parcela 49

Norte: Con somas e muretes que a conteñen e separan de Rudesinda Domínguez Vidal (parcela (462) e outras (parcela 8464 e 49 parte)

Sur: con camiño público asfaltado e camiño – pista forestal que separa da parcela “ M” da CC.MM de Santiago de Oliveira (parcela 420 parte)

Leste: En punta camiño – pista forestal.

Oeste: Con ribazo alto que a contén e separa de camiño – pista forestal e camiño sobre a propiedade que separa de murete que pecha a de Salvador Dello González Fernández (parcela 463) e a de Alejandro González González(parcela 464)

Nome do monte: *FRAGA DO REI ou parcela M*

Cabida: 25.716 m² aprox. (superficie alegada na solicitude)

Lindes: Polígono 88/ parcela 420 parte

Norte: Con camiño – pista forestal que separa en parte da parcela “L” de CC.MM de Santiago de Oliveira (parcela 49)

Sur: Con camiño – pista forestal que separa da parcela “ G ” da CC.MM de Santiago de Oliveira (parcela 93 parte – polígono 85)

Leste: En parte con “Regueira” que separa de montes particulares, e zanja que separa da esposa de Santiago García Palacios (parcela 420 parte)

Oeste: Con camiño – pista forestal que separa das parcela “J” e “K” de CC.MM de Santiago de Oliveira (parcela 93 parte- polígono 85).

Nome do monte: *MONTE CANDEIRA ou parcela N*

Cabida: 11.840 m² aprox. (superficie alegada na solicitude)

Lindes: Polígono 88/ parcela 420 parte

Norte: Con antigo camiño que transcorre sobre a propiedade que separa de murete que pecha a montes particulares (parcela 420 parte).

Sur: Con camiño pista forestal que separa da parcela “O” (parcela 93 parte polígono 85)e o camiño que separa da parcela “N” (parcela 15 polígono 88) ambas de CC.MM de Santiago de Oliveira.

Leste: En punta con camiño- pista forestal

Oeste: Coa parcela da esposa de Santiago García Palacios (parcela 420 parte) e a parcela “M”



Nome do monte: MATAMAU ou parcela Ñ

Cabida: 775 m² aprox. (superficie alegada na solicitude)

Lindes: Polígono 88/ parcela 15

Norte: Con camiño – pista forestal que separa da parcela “N” (parcela 420 parte) de CC.MM de Santiago de Oliveira)

Sur: Con camiño - pista forestal

Leste: Con murete que pecha e separa a de Angustias Penavella (parcela 14)

Oeste: Con camiño- pista forestal.

Nome do monte: MATAMAU ou parcela O

Cabida: 12.870 m² aprox. (superficie alegada na solicitude)

Lindes: Polígono 85/ parcela 93 parte

Norte: Con camiño – pista forestal que separa da parcela “N” (parcela 93 parte polígono 85) de CC.MM de Santiago de Oliveira.

Sur: Con camiño - pista forestal que separa da parcela “ P ” (parcela 290 parte polígono 82) de CC.MM de Santiago de Oliveira.

Leste: En punta con camiño- pista forestal

Oeste: Con soma- pedras que pecha a de Hros. de Consuelo Candeira (parcela ¿?)

Quinto. Con data do 28/04/2014, o xefe de Área de MVMC emite informe preceptivo do Servizo de Montes sobre o aproveitamento actual das 15 parcelas das que se inicia o expediente de clasificación:

“Parcela B.

Parcela poblada por masa mixta de acacia y roble, con pies de pino y eucalipto de distintas edades. Bordeada por carretera y caminos de servicio. En el momento de la inspección no se aprecian otros usos diferenciados.

Parcela C.

Bosquete de fustal de pino con pies aislados de roble y eucalipto. Franja entre cercado y carretera en matorral de retama y herbazal con pies aislados de roble. Bordeada parcialmente por carretera asfaltada y cercado de colegio. En el momento de la inspección no se aprecian otros usos diferenciados.

Parcela D.

Totalmente ocupada por colegio. A Jardinada. Uso colegio.

Parcela E.

Rodea la Parcela D separada por cercado y bordeada por pistas en el resto de su perímetro. Poblada por rodal denso de pino en edad latizal y rodal de pino en edad monte bravo denso. No se aprecian otros usos.

Parcela F.

Bordeada por pista en su linde Sur, Zona rasa con herbazal, matorral de retama, helechos y pies sueltos de roble. Zona este poblada por rodal de pino fustal con abundante regenerado. No se aprecian otros usos.

Parcela G.

Bordeada por pistas a sus vientos Este, Sur y Oeste. La zona sur poblada por rodal claro de pino latizal, raso en zona alta con pies aislados de pino joven, rodal denso de fustal de pino en vertiente oeste. No se aprecian otros usos.

Parcela H.

Bordeada en su linde este por pista. Poblado por eucalipto fustal denso con pies de roble y bosque de pino fustal denso. Sotobosque de retama, tojo y helecho. No se aprecian otros usos.

Parcela I.

Bordeada en su linde Este por pista. Poblado por eucalipto fustal poco denso con pies de roble. Sotobosque de retama, tojo y helecho. No se aprecian otros usos.

Parcela J.

Bordeada en su linde Este por pista. Poblado por pies aislados de eucalipto y pino. Sotobosque de retama, tojo y helecho. No se aprecian otros usos.

Parcela K.

Bordeada en sus lindes Norte y Este por pista. Poblada por masa densa de acacia. No se aprecian otros usos.

Parcela L.

Bordeada en su linde Sur por pista. Poblada por pinos jóvenes aislados con pies adultos de roble. Ocupada en su centro por depósito de aguas.

Parcela M.

Bordeada en sus lindes Norte, Sur y Oeste por pista. Rasa con pies aislados de eucalipto y pino, matorral de retama y tojo. Bosquete de monte bravo de eucalipto en esquina Noroeste. No se aprecian otros usos.

Parcela N.

Bordeada en su linde Sur por pista. Poblada por rebrote denso de eucalipto. No se aprecian otros usos.

Parcela Ñ.

Bordeada en sus lindes Sur y Oeste por pista. Poblada por rebrote denso de eucalipto. No se aprecian otros usos.

Parcela O.

Bordeada en sus lindes Norte, Este y Sur por pista. Poblada por rebrote denso de eucalipto. No se aprecian otros usos.”

Sexto. O Rexistro da Propiedade de Pontearreas certifica que as fincas das que se insta a clasificación, coa información facilitada, non se atopan inscritas no Rexistro. Ordénase as anotacións preventiva no Rexistro da Propiedade de Pontearreas, publícase no Concello de Pontearreas e no DOG o anuncio do 15 de maio de 2015 polo que se inicia a clasificación dos montes Coto do Gato, Gramil e outros a favor da CMVMC de Santiago de Oliveira (DOG núm.101, do 1 de xullo).

Sétimo. Con data do 08/10/2014, o Xurado de MVMC de Pontevedra nomea instructora do expediente a Amalia Elsa Pazos Pintos. Con data do 25/05/2015, a instrutora notifica ao promotor da clasificación a apertura dun trámite de audiencia de un mes. Con data do 01/07/2015, Francisco Carballo Rivas xunta os seguintes documentos acreditativos da posesión do Monte Veciñal de Santiago de Oliveira:

- Escrito da CMVMC de Santiago de Oliveira notificado o 22/03/1994 ao Xurado de MVMC de Pontevedra na que se defende a posesión dunha parcela ocupada por un campo de fútbol que se quere clasificar a favor dos veciños da parroquia de Guillade.
- Escrito do 21/03/1994 da CMVMC de Santiago de Oliveira dirixido ao presidente da Sociedade de caza Coto do Santo, no que se lle dá un prazo de 30 días para a finalización das obras de un peche ou o terreo pasará a ser xestionado pola comunidade.
- Escritos de datas do 01/06/1993 e 04/06/1993 entre a directiva da traída de augas A Volta e a CMVMC de Santiago de Oliveira referente as obras de saneamentos situadas en Brea Vella no antigo “camiño vello”.
- Escrito con rexistro de entrada do 11/11/1991 da CMVMC de Santiago de Oliveira dirixido ao xefe do Servizo de montes de Pontevedra solicitando unha prórroga do expediente 182 tramitado ao abeiro da orde do 11 de xuño de 1990, de fomento da produción forestal e a conservación dos bosques autóctonos. Memoria técnica dos traballos executados e croquis de localización.



- Xustificante de pago da CMVMC de Santiago de Oliveira a un topógrafo por un informe pericial sobre a liña divisoria coa parroquia limítrofe de Celeiros.

Oitavo. Con data do 30/06/2015, Ricardo Castro Rodríguez, presidente da CMVMC de Celeiros xunta as seguintes alegacións a este expediente:

“SOLICITO.... que se rebaxe la solicitud de clasificación promovida por la CM de Santiago de Oliveira al enmascarar un expediente de deslinde propiamente dicho, y con carácter subsidiario...desestimar la parcela B en lo que respecta a los terrenos que están incluidos en el límite histórico de la parroquia de Celeiros, y por lo que respecta a las parcelas C;D y E se proceda a respetar la línea de deslinde en su día acordada en virtud de sentencia judicial y a rectificar los linderos de los particulares reseñados”.

Noveno. Con data do 30/07/2015, a secretaria do xurado de MVVMC remite as alegacións presentadas pola CMVMC de Celeiros durante o trámite de audiencia á CMVMC de Santiago de Oliveira para que aleguen o que estimen oportuno. Con data do 21/08/2015 Francisco Carballo Rivas xunta as seguintes alegacións:

“El monte cuya clasificación es objeto del presente expediente respeta de forma escrupulosa lo resuelto judicialmente en el procedimiento de Menor cuantía núm144/95 tal y como resulta de la planimetría aportada por esta parte al expediente”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter segundo o establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. O artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común define o monte veciñal en man común:

“Son montes veciñais en mano común e se rexerán por esta Lei os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas,o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertenzan a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños”.

Deste xeito para que un monte sexa declarado veciñal en man común o aproveitamento debe quedar acreditado non só nun pasado, senón tamén no presente e de forma continuada, así o establece o antedito artigo 1 da Lei 13/1989 e as diversas resolucións xudiciais que o interpretan, concluíndo que o decisivo para a inclusión dun monte na categoría de veciñal en man común, é que resulte acreditada a constante posesión continuada do aproveitamento dos montes polos veciños promotores de xeito continuado.

Terceiro. O uso ou aproveitamento en man común das parcelas: C,E,F,G,H,I,J,K,L,M,N,Ñ e O queda acreditado de xeito documental no expediente. O feito de que durante a tramitación do expediente non consten alegacións á clasificación como MVVMC de terceiros que acreditasen un uso

privativo destas parcelas demostra que existe un aproveitamento público, pacífico e continuado en común por parte dos veciños da parroquia de Santiago de Oliveira, Concello de Pontearreas

Cuarto- O uso ou aproveitamento en man común da parcela D, non queda suficientemente acreditado de xeito documental. Asemade, o contido do informe preceptivo do Servizo de Montes, é concluínte no uso non consuetudinario desta parcela.

Quinto- O uso ou aproveitamento público, pacífico e continuado en común por parte dos veciños da parroquia de Santiago de Oliveira da parcela B non queda acreditado de xeito suficiente durante o procedemento de clasificación; respecto das alegacións en contra da clasificación desta parcela pola CMVMC de Celeiros tampouco poden prosperar habida conta que non achega proba algunha que fundamente a súa pretensión.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, proponse pola instrutora e o Xurado acorda por unanimidade dos seus membros: **CLASIFICAR como veciñais en man común as parcelas C,E,F,G,H,I,J,K,L,M,N,Ñ e O** a favor dos veciños da **CMVMC de Santiago de Oliveira**, da parroquia de Santiago de Oliveira (Pontearreas) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito cuarto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución; e **NON CLASIFICAR** como monte veciñal en man común as parcelas **B e D** solicitada a favor da CMVMC de Santiago de Oliveira, Pontearreas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.





O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia de Pontevedra)

Víctor Abelleira Argibay
(Representante do colexio de avogados da provincia)

Lorena Peiteado Pérez (Letrada da Xunta de Galicia)

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria adscrita ao Servizo Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:00 horas do día 14/06/2017 coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, réunese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do **recurso de reposición** do expediente de clasificación dos montes denominados “**Gramil Coto do Gato e outros**” da parroquia de Santiago de Oliveira, solicitados a favor dos veciños da CMVMC de Santiago de Oliveira (Ponteareas)

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro. Con data do 02/02/2017 publícase no DOG núm.23 o Anuncio do 19 de xaneiro de 2017, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais en Man Común de Pontevedra, sobre resolución do expediente de clasificación dos montes denominados Gramil, Coto do Gato e outros, da Parroquia de Santiago de Oliveira, no concello de Ponteareas, solicitados a favor dos veciños da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Santiago e Oliveira.

Instruído o expediente e vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, a instrutora propón e o Xurado acorda por unanimidade dos seus membros clasificar como veciñais en man común as parcelas C, E, F, G, H, I, J, K, L, M, N, Ñ e O a favor dos veciños da CMVMC de Santiago de Oliveira, da parroquia de Santiago de Oliveira, de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito cuarto e a planimetría elaborada para o efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución, e non clasificar como monte veciñal en man común as parcelas B e D solicitadas a favor da CMVMC de Santiago de Oliveira, Ponteareas.

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio.

Segundo. Con data do 13/02/2017, Francisco Carballo Rivas en calidade de presidente da CMVMC de Santiago de Oliveira, dentro do prazo establecido, interpón recurso potestativo de reposición contra o anuncio da resolución citada no punto primeiro por entender que non se axusta a dereito, provocando indefensión, en resume nos seguintes fundamentos de dereito:

- Parcela D ocupada actualmente polo Colexio CEIP de Santiago de Oliveira e polo tanto sen uso forestal neste momento. Porén, e necesario precisar que o terreo foi posto a disposición do Ministerio de Educación e Ciencia polo Concello de Pontearcas en data do 04/12/1980, é dicir, un ano posterior á primeira clasificación dos montes veciñais en man común de Santiago de Oliveira, entre os que se encontraba a parcela núm.1 do monte "Coto Gramil". Xunta copia da Resolución de Clasificación de 1979, certificado do Concello de Pontearcas que acredita o dito feito e inscrición no Rexistro da Propiedade do Monte segundo Resolución de Clasificación. Polo que, a parcela D era en 1979 monte veciñal en man común da parroquia de Santiago de Oliveira... e que un ano máis tarde o Concello de Pontearcas a cedeu de xeito anormal ao Ministerio de Educación para a construción do colexio e que o croquis da carpeta-ficha é manifestamente deficiente.
- Parcela B que a Resolución de Clasificación de 1979 do Monte coto do Gato e Gramil di que o monte linda polo Oeste con fincas particulares, fincas definidas en cartografía actual e por muros de pedra. Xunta copias de facturas de limpeza e plantación dos Montes Gramil, Castro Mao e Albelle

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter segundo o establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. O artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común define o monte veciñal en man común:

"Son montes veciñais en mano común e se rexerán por esta Lei os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños".

Deste xeito para que un monte sexa declarado veciñal en man común o aproveitamento debe quedar acreditado non só nun pasado, senón tamén no presente e de forma continuada, así o establece o antedito artigo 1 da Lei 13/1989 e as diversas resolucións xudiciais que o interpretan, concluíndo que o decisivo para a inclusión dun monte na categoría de veciñal en man común, é que resulte acreditada a constante posesión continuada do aproveitamento dos montes polos veciños promotores de xeito continuado.



Terceiro. As alegacións presentadas neste recurso de reposición son totalmente contraditorias coa documentación achegada pola CMVMC de Santiago de Oliveira durante a tramitación do expediente, xa que, presentaron a planimetría das 32 has que consideran monte veciñal clasificado na Resolución do ano 1979 e deixan fóra desa clasificación as parcelas D e B das que instaron a clasificación e obxecto deste recurso de reposición. Hai que ter en conta que:

Parcela D ocupada polo Colexio CEIP de Santiago de Oliveira non ten un uso ou aproveitamento veciñal na actualidade, polo que, non se dan as circunstancias para a súa clasificación en vía administrativa por incumprir o establecido no punto segundo dos fundamentos de dereito.

Parcela B que corresponde coa referencia catastral 36042A084002690000DP. Segundo a información catastral esta parcela linda polo NOE coa referencia catastral 36042A084006890000DF (CMVMC de Celeiros) que foi excluída da primeira en virtude do procedemento de Menor Contía núm.144/95 do Xulgado de 1ª Instancia núm.1 de Ponteareas. Coa documentación achegada queda acreditado a realización de traballos de limpeza e plantación no Coto Gramil.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, o **XURADO** de xeito unánime **ACORDA**:

NON CLASIFICAR como monte veciñal en man común a **parcela D** ao non concorrer os requisitos esixidos no artigo 1 da Lei Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e **CLASIFICAR** como monte veciñal en man común a **parcela B**: 36042A084002690000DP solicitada a favor da CMVMC de Santiago de Oliveira da parroquia de Santiago de Oliveira, Ponteareas, de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito cuarto da resolución do 14/12/2016 e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 114 c) e 123-2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



L

K

M

N

Ñ

O

J

ouza da Igrejaia

O Eirado

I

ra

H

G



CEIP Santiago de Oliveira

C

E

F

a clasificada
do recurso de reposición

2A08400269



CABIDAS

C	5.538 m. ²
E	9.507 m. ²
F	3.852 m. ²
G	42.022 m. ²
H	3.700 m. ²
I	1.017 m. ²
J	663 m. ²
K	4.404 m. ²
L	7.314 m. ²
M	25.716 m. ²
N	11.840 m. ²
Ñ	775 m. ²
O	12.870 m. ²

Parcela clasificada
segundo recurso de
reposición

36042A08400269

Cabida = 12.554 m.²

Clasificación dos montes "Gramiñ, Coto e outros"
Incluído Recurso de Reposición
Comunidade de Montes Veciñal de Santiago de Oliveira
Concello de Pontareas



Xuño - 2017

50m. 0m. 50m.

Escala: 1:2.500